




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACION  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33  
15552 Valdoviño  
Tífono: 881 938 107  
cpi.atios@edu.xunta.gal

# PROXECTO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR



CPI de ATIOS  
Valdoviño

CURSO 2023-24



## ÍNDICE

<b>1. NORMATIVA</b>	<b>Páx.3</b>
<b>2. INTRODUCCIÓN</b>	<b>Páx.3</b>
<b>3. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR</b>	<b>Páx.3</b>
3.1. Modalidade	Páx.4
3.2. Calendario e Horario de funcionamento	Páx.4
3.3. Persoas con responsabilidades na organización do comedor	Páx.6
3.4. Usuarios do comedor	Páx.6
3.5. Garantías de calidade do servizo	Páx.7
3.6. Réxime económico-financeiro	Páx.7
<b>4. OBXECTIVOS DO PLAN</b>	<b>Páx.8</b>
4.1. Relacionados coa saúde	Páx.8
4.2. Relacionados coa convivencia, solidariedade e colaboración	Páx.8
4.3. Relacionados coas actividades complementarias e extraescolares	Páx.8
<b>5. ACTIVIDADES DO PLAN</b>	<b>Páx.9</b>
5.1. Relacionados coa saúde	Páx.9
5.2. Relacionados coa convivencia, solidariedade e colaboración	Páx.9
5.3. Relacionados coas actividades complementarias e extraescolares	Páx.9
<b>6. NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR</b>	<b>Páx.9</b>
6.1. Funcións e responsabilidades do persoal colaborador	Páx.9
6.2. Normas a seguir polo alumnado que asiste ao comedor	Páx.10
6.3. Normas específicas do comedor	Páx.11
6.4. Usos dos patios e instalacións	Páx.12
<b>7. INFRAESTRUCTURAS:</b>	<b>Páx.13</b>
7.1. Instalacións	Páx.13
7.2. Equipamento:	Páx.13
7.3. Medidas de seguridade:	Páx.14
<b>8. O EQUIPO PEDAGÓXICO DO COMEDOR</b>	<b>Páx.14</b>
8.1. Comisión do comedor:	Páx.14
8.2. Reunión da directora e da encargada de comedor co persoal colaborador	Páx.14
8.3. Horario de atención ás familias	Páx.15
<b>9. DATOS DO ACTUAL CURSO</b>	<b>Páx.15</b>
<b>10. AVALIACIÓN DO PLAN DE COMEDOR</b>	<b>Páx.16</b>

## 1. NORMATIVA:

O servizo de comedor regularase polo DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

Define o funcionamento máis detalladamente a Instrución 2/2023, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023-2024.

## 2.- INTRODUCCIÓN:

Este programa foi realizado co obxectivo xeral de desenvolver a actividade de servizo de comedor que abarca os servizos de xantar e de atención aos usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior nos cales se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

O servizo de comedor escolar ademais de cumprir unha función primaria de alimentación e nutrición, ao estar dentro das actividades, tamén ten unha función engadida de carácter educativo.

Empezando por hábitos alimentarios e nutricionais, hábitos de utilización de utensilios propios da comida, regras de comportamento na mesa... etc e terminando polas actividades a realizar nos tempos de lecer posteriores á comida, atopámonos cun abano de aspectos nos cales é importante planificar actuacións, estratexias e actividades de índole educativa.

## 3.- ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR

A Organización, administración e xestión económica do comedor escolar corresponde á comunidade educativa do centro, representada polo Consellos Escolar.

O equipo directivo do CPI Atios elabora de conformidade cos requirimentos esixidos pola normativa aplicable e coas instrucións emanadas da consellería con competencias educativas, este protocolo propio de funcionamento, que terá que ser aprobado polo respectivo Consello Escolar.

### 3.1. Modalidade.

O servizo de comedor do CPI Atios é o que corresponde á modalidade de xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Segundo o número de comensais, o comedor do centro está clasificado como de tipo D de 251 a 350 comensais. Terá a consideración de comensal aquela persoa que faga uso do servizo de comedor.

O comedor do CPI de Atios conta cun cadro de persoal laboral, integrado por un número de profesionais composto do seguinte xeito: 1 oficial 2ª de cociña e 3 axudantes de cociña.

O persoal de atención ao alumnado no servizo de comedor virá determinado en función do total dos alumnos e alumnas comensais, de acordo coa ratio establecida na Orde do 21 de febreiro de 2007. Así, noso centro, temos 15 persoas colaboradoras, a encargada de comedor e a responsable do mesmo que será a directora.

### 3.2. Calendario e horario de funcionamento.

A **duración do servizo** de comedor escolar axustarase ao disposto na orde da Consellería de de Cultura, Educación, Formación Profesional que establece o calendario escolar para o curso correspondente, así o servizo de comedor comeza o primeiro día lectivo de clase no mes de setembro e remata o último día lectivo de curso, que veñen definidos no calendario escolar de cada curso. No curso 2023-24 as datas son as seguintes:

- Inicio do servizo de comedor: 11-09-2023
- Fin do servizo de comedor: 21-06-2024

O **horario do servizo de comedor** é de 13:55 h a 15:45 h os luns, martes, mércores e venres e de 13:20 h a 16:45 h os xoves.

- **COMEDOR:**

O alumnado de Infantil e Primaria **accederá ao comedor acompañado por unha persoa colaboradora.**

Tamén se encargará de que o alumnado faga unha **correcta hixiene de mans antes de acceder** ao comedor.

**O alumnado de ESO** fará uso do recorrido correcto e irá directamente ao comedor cando sexa a súa quenda. O tempo de espera terá lugar no patio cuberto.

- Na seguinte táboa detállanse os horarios das quendas, os grupos.



QUENDA	HORARIO	GRUPOS
PRIMEIRA	13:55 a 14:25 h	Infantil
SEGUNDA	14:35 a 15:05 h	Educación Primaria
TERCEIRA	15:10 a 15:40 h	Grupos da ESO

- As quendas poden sufrir variacións unha vez comezado o curso escolar e ir comprobando o número reais de comensais.
- Nestas quendas respectarase que o alumnado estea agrupado por aulas de xeito que se manteña a continuidade do grupo.
- Ademais flexibilízase o horario da última hora lectiva (priorizando os niveis máis baixos para comer nesa sesión) para poder ofrecer o servizo a tódalas peticións tal e como contempla o protocolo.

Haberá **ventilación constante** sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan.

Sempre que sexa posible os menús serán empratados en cociña e servidos.

En **ningún caso será o alumnado o que sirva a comida** nos pratos nin **auga nos vasos para evitar os desprazamentos** polo comedor e a manipulación por varias persoas.

Durante o servizo de comedor o **alumnado de Infantil e de primaria que faga uso dos baños SÓ poderá ser acompañado polas coidadoras,**

O resto do alumnado irá sen acompañamento.

**Despois de saír do comedor** todo o alumnado terá que facer unha **hixiene de mans.**

A saída tamén será gradual. Conforme vaian acabando de comer os diferentes grupos sairán do comedor.

- O alumnado de **infantil** usuario de comedor fará a saída tamén as **14:35 h.**
- O alumnado de **primaria usuarios de comedor** farán a saída ás **15:05 h, as familias terán que recollelos no aparcamento da parte posterior.**
- O alumnado **usuario do comedor** de Pantín, Vilaboa e Vilarrube fará a **saída as 15:45 h** pola zona das familias ou autobuses segundo corresponda, baixo o control das persoas colaboradoras de comedor.

As colaboradoras recollen ao alumnado de Educación Infantil e Primaria que utilizan o servizo de comedor e os acompañan para que se laven as mans. A continuación entran con eles no comedor.

Ao finalizar a comida, as colaboradoras acompañan ao alumnado ata o momento da recollida das familias ou da saída do bus escolar sempre baixo o seu control.

### 3.3. Persoas con responsabilidades na organización do comedor escolar.

- A directora do centro dona Tania M<sup>a</sup> Ruanova Suárez que cumpre coas funcións de **responsable de comedor** alternando na responsabilidade co secretario don Antonio Cebreiro Melero cun horario presencial dedicado ao servizo de comedor que vai dende as 13:30 h ata 15:45h de luns a venres por quendas.
- **O persoal laboral de cociña** esta integrado por unha oficial de 2<sup>a</sup> e tres auxiliares de cocina. As súas funcións veñen determinadas na normativa de desenvolvemento do DECRETO 132/2013, do 1 de agosto cun horario presencial que vai dende as 9:30 h ata 17:00 h de luns a venres.
- **Encargada de comedor** designada polo Consello Escolar, a proposta da directora do centro e responsable da cafetería do mesmo. A persoa encargada do comedor terá as funcións que determine a lexislación vixente, cun horario presencial que vai dende as 13:00 h ata as 16:30h de luns a venres.
- O centro dispón dunha **persoa coidadora**. A súa función básica é a atención dos alumnos/as con NEAE, segundo as necesidades existentes no Centro en cada momento. As súas funcións veñen definidas por lei (Resolución do 18/12/86, BOE do 16/01/87, da Dirección Xeral de Traballo pola que se dispón a publicación do Convenio Colectivo para o persoal laboral de Educación Especial dependentes do MEC).
- Existen **15 persoas colaboradoras de comedor** segundo corresponde pola ratio fixada por lei. As súas funcións están recollidas nas Normas Organización e Funcionamento do Centro e o seu horario presencial vai dende as 13:15 h ata 16:35 h de luns a venres.

No suposto de que o centro desexe realizar modificacións das características básicas e/ou do calendario e/ou horario do comedor escolar, estas deberán solicitarse o/a director/a do centro, no prazo fixado para solicitar a autorización do servizo de comedor, na xefatura provincial correspondente, onde se procederá ao seu estudo e viabilidade económica segundo a existencia de crédito axeitado, e a súa posterior autorización, se fora o caso.

### 3.4 Usuarios do comedor

Existen diferentes modalidades de usuarios recollidos no decreto 132/2013, do 1 de agosto e que a continuación resumimos:

- *Usuarios **gratuítos**, aqueles que determina a lexislación vixente*
- *Persoas beneficiarias de bonificacións segundo renda fixadas na lexislación vixente:*
  - Beneficiarios de bonificación para comedor, agás na contía de **1 euro** que se aboará por día de servizo de comedor.
  - Beneficiarios da bonificación para comedor, agás na contía de **2,50 euros** que se aboarán por día de servizo de comedor.

- Usuarios sen bonificacións que aboaran **4,50 euros** por día de servizo de comedor. Neste grupo recolle tamén a aqueles alumnos escolarizados en centros distintos a aquel que lles corresponde segundo a distribución das áreas de influencia unha vez cumpridos os requisitos que marca a lexislación

### **3.5. Garantías de calidade do servizo**

A elaboración dos menús farase de xeito que proporcione ao alumnado unha dieta equilibrada adaptada ás necesidades nutricionais de cada grupo de idade, contribuíndo ao seu mellor desenvolvemento físico, e favorecendo, á vez, a adquisición de hábitos alimentarios saudables.

O menú será único para todos os usuarios do comedor escolar, agás nos casos de alumnos/as que padezan calquera tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, xustificada mediante certificado médico. Nestes casos, o consello escolar solicitará que se sirvan menús adaptados ás súas necesidades, ou, se é o caso, que se lles faciliten os medios necesarios para a conservación e consumo de menús proporcionados polas familias.

O comedor do CPÍ Atios cumpre coa normativa e medidas en materia de hixiene e na elaboración, distribución das comidas. Así mesmo, se somete aos sistemas de control externo e programas de autocontrol que establezan os procesos de homologación correspondentes. O plan de autoprotección do centro recolle o protocolo de actuación a seguir en caso de calquera tipo de emerxencia no centro.

### **3.6. Réxime económico-financeiro**

O comedor escolar do CPI Atios de xestión directa finánciase cos seguintes ingresos:

- Achegas da consellería para cubrir o custo do servizo.
  - Aboamento dos gastos xerais de persoal e funcionamento das instalacións,
  - Bolsas de comedor cantidades que recibirán os centros de ensino para aprovisionamentos.
- Achegas dos usuarios do servizo aos cales non lles corresponda a bonificación completade comedor, en concepto de prezos públicos.

A xestión económica do comedor escolar, xestionarase desde a conta específica de comedor de xeito exclusivo. Aparecerán a totalidade de ingresos e gastos relacionados co comedor escolar, non podendo mesturarse as sumas relacionadas con este servizo cos demais gastos de funcionamento do centro.

Os ingresos percibidos polo centro en concepto de comedor escolar non poderán dedicarse a fins distintos deste.



O Consello Escolar do CPI Atios poderá utilizar o 20% dos remanentes existentes no segundo trimestre de cada curso escolar na conta de comedor para mellorar as instalacións dos comedores escolares como gastos menores.

O pagamento mensual dos prezos públicos e das tarifas pola utilización do comedor escolar producirase entre o 1 e o 20 do mes seguinte ao da prestación do servizo.

Nos 5 primeiros días naturais de cada mes os obrigados ao pagamento dos prezos públicos poderán recoller os impresos de pagamento, na secretaría do CPI Atios.

O pagamento dos prezos públicos efectuarase nas entidades de depósito autorizadas para actuar na xestión recadatoria de taxas e prezos pola consellería competente en materia de facenda, mediante os correspondentes impresos de pagamento. Así mesmo, poderanse realizar pagamentos de xeito telemático a través da oficina virtual tributaria que corresponda.

Ao longo do curso escolar as faltas de pagamento dos prezos públicos e das tarifas correspondentes a cada mes impedirán a utilización nos meses seguintes do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, sen prexuízo da esixencia, no caso dos prezos públicos, do seu pagamento mediante o procedemento da normativa tributaria de aplicación.

#### **4. OBXECTIVOS DO PLAN**

O incremento da obesidade infantil e xuvenil, xunto co grande número de enfermidades cardiovasculares nos adultos, deu como resultado o artellamento por parte da Comunidade Europea dun plan para promocionar os hábitos nutricionais saudables nos centros escolares desde Educación Infantil ata Secundaria Obrigatoria. Para acadar este fin fixaremos os seguintes obxectivos:

##### **4.1. Relacionados coa saúde:**

- a) Coñecer os alimentos básicos.
- c) Adoptar hábitos de hixiene e postura no acto de alimentarse.
- d) Utilizar correctamente os cubertos e os utensilios necesarios para la comida.

##### **4.2. Relacionados coa convivencia, solidariedade e colaboración:**

- a) Coñecer as normas de convivencia dentro e fóra do comedor.
- b) Colaborar co persoal de comedor, respectando aos mesmos e seguindo as súas instrucións.

##### **4.3. Relacionados cas actividades complementarias e extraescolares:**

- a) Coñecer os actividades relacionadas co comedor.
- b) Traballar desde as titorías os beneficios da alimentación saudable.
- c) Colaborar nas actividades e seguir as súas instrucións das persoas responsables das mesmas.



## 5. ACTIVIDADES DO PLAN

### 5.1. Relacionados coa saúde:

- a) Lavarse as mans antes e despois de comer.
- b) Usar os cubertos e panos de mesa adecuadamente.
- d) Mastigar os alimentos correctamente.
- e) Utilizar correctamente os cubertos e os utensilios necesarios para a comida.

### 5.2. Relacionados coa convivencia, solidariedade e colaboración:

- a) Os alumnos/as serán informados ao inicio de curso das normas de convivencia dentro e fóra do comedor.

### 5.3. Relacionados cas actividades complementarias e extraescolares:

- a) O alumnado participará nas diferentes actividades.
- b) As/os titoras/res nas sesión de tutoría informarán ao alumnos dos beneficios da alimentación saudable.

## 6. NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR

### 6.1. Funcións e responsabilidades do persoal colaborador do comedor:

- 1.- É fundamental sempre, ser moi **exhaustivos coas medidas de hixiene**. O pelo debe estar recollido, a roupa impecable, as mans deben ser lavadas con frecuencia, etc.
- 2.- O persoal colaborador monta as mesas por completo e controlarán que antes de entrar vaian lavar as mans.
- 3.- Ao alumnado tratarase **con agarimo e moita paciencia**.
- 4.- Serán **firmes nas conductas inapropiadas** procurando levantar o ton de voz o imprescindible. (Non ten máis razón quen máis berra).
- 5.- No caso de **falta grave ou reiterada** deberano **comunicar á encargada** e, no caso de que esta estea ausente, a **algún membro do equipo directivo**.
- 6.- Débense **corrixir os malos hábitos na mesa**: falar coa boca chea, falar con alguén doutra mesa, berrar, tirar pan ou outros alimentos, xogar cos cubertos e calquera outro que se considere.
- 7.- Coidarase que a **saída sexa ordenada**:
  - ✓ Axudando aos máis pequenos e acompañándoos ata o bus.

- ✓ Vixiando que o alumnado usuario de comedor sexa recollido pola pai/nai/titor legal ou persoa autorizada unha vez rematado o servizo de comedor. As persoas colaboradoras serán as encargadas da súa vixilancia ata a entrega ás familias.
- ✓ Unha vez entregado o/a alumno/a ás familias os/as nenos/as pasan a ser a ser responsabilidade das mesmas aínda que permanezan no centro.

8.- Comprobarase que os **comensais inxiren as porcións correspondentes** de cada prato e animarase ao alumnado a probar os novos alimentos.

- ✓ Pasarase a repetir unha vez en EI e EP e outra en ESO. Se algún comensal non comeu do primeiro prato non poderá repetir o segundo.
- ✓ As coidadoras alternaranse na atención aos distintos niveis de alumnado.
- ✓ Tentarase que exista un clima agradable e que saiban gozar da comida e da compañía da súa mesa.

9.- **Non interferirán nas decisións tomadas pola persoa encargada do comedor.** Ante calquera dúbida consultarán con ela e faranlle chegar tódalas suxestións que estimen oportunas para o bo funcionamento do comedor.

10.- **Non deben mostrar afinidade** nin preferencia **por ningún comensal.** Son todos iguais. Deben ser sempre exemplo de comportamento correcto!!!.

## 6.2. Normas a seguir polo alumnado que asiste ao comedor.

### a) Dereitos e deberes:

Son aqueles que recollen as normas de organización e funcionamento do centro no apartado "VIII Dereitos e deberes do alumnado" e que están regulados polo Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros (B.O.E. Nº 131, 02/06/1995) e a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (D.O.G. Nº 136, 15/07/2011). Do mesmo xeito todas as indicacións recollidas nas Normas de Funcionamento do Centro aprobadas polo Claustro do Profesorado e o Consello Escolar o día 15 de outubro de 2018.

### b) Dereitos e deberes específicos do alumnado que asiste ao comedor:

Dereitos:

- Á orientación educativa na alimentación.
- A recibir menús equilibrados.
- A recibir a axuda necesaria tanto á hora de comer como durante o tempo de lecer.
- A formular aos responsables do comedor aquelas suxestións que crean convinte.

Deberes:

- Respectar e obedecer aos responsables do comedor, persoal de cociña e coidadoras.



- Respetar e colaborar cos seus compañeiros.
- Cooperar segundo o previsto (poñer e recoller mesas, limpeza...) para o bo funcionamento do comedor.
- Colaborar na convivencia a través dunha conducta correcta mediante a aportación de suxestións e iniciativas.
- Respetar e coidar os vasos, pratos, cubertos... que se utilizan no comedor.

c) Normas internas do comedor:

- Cada alumno/a terá mesa e lugar fixo para todo o curso, aínda que poderán facerse cambios sempre que se consideren necesarios.
- Ningún alumno/a se levantará da cadeira sen permiso, cando necesiten algo, levantarán a man e esperarán a que o persoal coidador lles atenda.
- Os cubertos serven para comer non para facer ruído ou xogar con eles.
- Comerán todo e non se pode lanzar comida, nin enriba nin debaixo da mesa, nin ao lixo.
- O alumnado só poderá acceder ás estancias sinaladas polo persoal coidador e sempre acompañadas por estas. En ningún caso irán ás clases u outras dependencias do centro, nin permanecerán nos corredores.
- O alumnado do comedor permanecerá dentro do recinto escolar baixo a responsabilidade do persoal colaborador. No caso de que algún alumno/a necesite saír do centro, os pais/nais ou titores legais virán persoalmente a recollelo e asinarán o permiso de saída correspondente.
- O alumnado que presente calquera tipo de alerxia alimenticia, debe comunicalo tanto á hora de formalizar a matrícula, como á persoa encargada do comedor, para que se teñan en conta no momento de confeccionar os seus menús.
- O alumnado de EI entrará ao comedor ás 13:55 h mentres que o de EP e o da ESO entrará unha vez rematadas as actividades lectivas e despois de lavar as mans.

### 6.3. Normas específicas do comedor

- O comedor é o lugar onde se leva a cabo a actividade alimenticia e está se poderá desenvolver positivamente se se fai en orde, se axuda ao persoal colaborador e se respecta aos demais.
- O comedor, cociña, servizos, corredores, non son lugares para xogar e só se utilizarán o tempo preciso e necesario ( rexen as normas recollidas no NOFC).
- O alumnado que chegue tarde á súa quenda de comedor sen causa xustificada, será apercibido a primeira vez, no caso de repetir a infracción se lle aplicarán as medidas correctoras recollidas nas normas de convivencia.
- A instalación e o material son para uso común de todos os comensais, por iso todos teñen que axudar para a súa conservación.
- Os defectos causados no material ou na vaixela que se produzan de maneira intencionada ou por non ter coidado, teranos que pagar os comensais.
- A limpeza será norma esencial no comedor, colaborarase limpando diariamente as mesas e fundamentalmente non tirando a comida fóra dos pratos ou ao chan. Temos

que coidar a nosa hixiene e aspecto, lavaremos as mans antes e despois de comer, así é recomendable asearse e cepillar os dentes ao rematar a comida.

- Como norma xeral non se facilitará nin administrará medicamento ao alumnado. Se a familia pode adaptarse ao horario do comedor, poderá acceder ao centro para que se lle administre.

#### **6.4. Usos dos patios e instalacións:**

- No período de servizo de comedor que vai dende a finalización da comida ata a chegada dos autobuses (15:30 h), ou ata o inicio das actividades lectivas (os xoves ás 16:45 h) o alumnado por norma xeral, só poderá usar o patio da cafetería e baixo vixilancia do persoal colaborador.
- Para acceder a outra instalación do centro escolar, solicitarán permiso ao persoal colaborador que debe acompañar ao alumnado a dito espazo e permanecer en dito espazo ata que o alumnado deixe o mesmo.
- Para acceder ao ximnasio deben ter permiso do xefe de departamento de Educación Física e sempre baixo o control do persoal colaborador ou algún membro do persoal docente.
- Para acceder á biblioteca deben ter permiso do responsable da biblioteca e sempre baixo o control do persoal colaborador ou algún membro do persoal docente.
- Para permanecer no comedor unha vez finalizado o horario para comer, deben ter permiso da encargada do comedor e sempre baixo o control do persoal colaborador ou algún membro do persoal docente.



### 7.3. Medidas de seguridade:

- O alumnado e o persoal colaborador no teñen permitida a súa entrada no espazo da cociña, seguindo as normas marcadas pola lexislación.
- O alumnado de Educación Infantil non ten acceso aos coitelos, e tense unha maior atención pola súa seguridade.
- O comedor pasa revisións oficiais por parte de inspectores de sanidade, sempre e cando somos requiridos para tal fin.
- Cando se leva a cabo o simulacro de evacuación o no caso de que se tivera que realizar un real, tanto o alumnado como o persoal de cociña e o persoal colaborador, seguirán as normas que o ten CPI Atios no seu plan de autoprotección.
- Só se administrará medicación a alumnado con autorización paterna e prescrición médica. En calquera outro suposto na que a súa integridade física este en perigo o responsable seguirá o seguinte procedemento:

1º Avisará ao 112.

2º Avisará a un membro do equipo directivo que se porá en contacto coa familia do alumno/a accidentado.

## 8. O EQUIPO PEDAGÓXICO DO COMEDOR

### 8.1. Comisión do comedor:

A comisión do comedor está formada por:

- Directora do centro.
- Encargada de comedor.
- Un representante do profesorado no Consello Escolar.
- Un representante das familias no Consello Escolar.
- Un representante do persoal non docente no Consello Escolar.

A comisión do comedor reunirse unha vez ao trimestre, e sempre que sexa necesario.

### 8.2. Reunión da directora e da encargada de comedor co persoal colaborador.

A reunión terá lugar a primeira semana de setembro, antes do inicio do servizo do comedor, e en caso de necesidade sempre que algunha das partes o solicite.

Puntos a tratar na reunión:



- Disciplina.
- Hábitos de comer.
- Hábitos de aseo.
- Programación de actividades.
- Vixilancia do alumnado antes e despois de comer.
- Propostas.

De todas as actuacións que se consideren tras a reunión, informárase ao Consello Escolar.

Poderanse facer modificacións á organización e agrupamento do alumnado para mellorar o funcionamento do comedor.

### 8.3. Horario de atención ás familias

O horario de atención ás familias será o seguinte:

- Encargada do comedor: de luns a venres de 13:00 h a 13:30 h.
- Dirección: os xoves de 16:30 h a 17:00 h.

Coa finalidade de manter un clima de coordinación coas familias, os pais, nais, ou titores legais deberán acudir ás reunión que se establezan, tanto individuais como colectivas, así como poderán propoñer reunións cos membros do equipo pedagóxico, previa petición de cita telefónica, por abalar ou por escrito.

## 9 . DATOS DO CURSO ACTUAL

O comedor deste centro é de tipo D (entre 251 e 350 comensais),e neste curso temos autorizados como máximo o seguinte número de comensais

Luns	Martes	Mercóres	Xoves	Venres
296	303	303	357	300

Existe unha encargada de comedor que ademais é a responsable da cafetería. Funciona en tres quendas.

Son usuarios do servizo os alumnos/as do centro, cociñeiras e nais colaboradoras (gratuíto) e persoal docente e non docente que presta colaboración algún día (gratuíto o día da colaboración e de pago o resto). O servizo de comedor funciona desde o primeiro ao último día lectivo.

## 9.1. Persoal e colaboradores

PERSOAL E COLABORADORES DO SERVIZO DE COMEDOR		
Cargo	Nome	DÍAS
<b>COCIÑA</b>	VICTORIA DE LOS ANGELES MOREIRA CASTRO	L,M,MI,X,V
	IRIA PEREIRA ANIDOS	L,M,MI,X,V
	M <sup>a</sup> BELÉN CASTRO REAL	L,M,MI,X,V
	MARÍA MERCEDES FERREIRA CENDÁN	L,M,MI,X,V
<b>DIRECTORA ENCARGADA</b>	TANIA M <sup>a</sup> RUANOVA SUÁREZ	L,M,MI,X,V
	MARIEL VÁZQUEZ VERGARA	L,M,MI,X,V
<b>COLABORADORAS</b>	PIÑEIRO BOUZA, ALBA	L,M,MI,X,V
	FERREIRA ANIDO, MARÍA PILAR	L,M,MI,X,V
	CEBREIRO MELERO, ANTONIO	L,M,MI,X,V
	SAAVEDRA TORRENTE, M <sup>a</sup> JESÚS	L,M,MI,X,V
	TRILLO VILLAR, ESTEFANÍA	L,M,MI,X,V
	CABANAS VELLÓN, RAQUEL	L,M,MI,X,V
	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, MARÍA	L,M,MI,X,V
	ANTÓN PORTO, GEMMA MARÍA	L,M,MI,X,V
	GRANDAL PRIETO, MARTA	L,M,MI,X,V
	TESTA SEIJAS, MARÍA PILAR	L,M,MI,X,V
	ROJAS JULIAS, MARÍA ELISA	L,M,MI,X,V
	CALVO CHAO, MARÍA DEL ROSARIO	L,M,MI,X,V
	NOVO BOUZA, ANA ISABEL	L,M,MI,X,V

## 9.2. Usuarios do comedor

ALUMNOS					
	Abono 4,50 €	Abono 2,50 €	Abono 1 €	Gratuidade	Total
Infantil	10	3	9	28	50
Primaria	39	9	13	88	149
ESO	43	14	12	87	156
ESO 1 DÍA*	18	5	3	22	48
<b>TOTAL</b>	<b>120</b>	<b>26</b>	<b>34</b>	<b>203</b>	<b>355</b>

## 9.3. Proxectos a realizar

No curso actual intentarase recuperar o proxecto “Venres Gastronómicos”, en colaboración co Equipo da Biblioteca e o EDLG.

## 10. AVALIACIÓN DO PLAN DE COMEDOR

Cada curso académico farase unha avaliación do funcionamento do comedor por parte de todos os membros do mesmo e as conclusións se incluírán no proxecto de comedor. Enténdese por avaliación do proxecto a constatación da validez do mesmo. Para iso establécese que:

- Ao longo do proxecto levarase a cabo o seguimento da programación da materia e o grado de cumprimento dos obxectivos propostos. Así mesmo, analizaranse as dificultades que vaian xurdindo, e se as normas son axeitadas ás características do alumnado e persoal colaborado. Ao final do proxecto, reflectirase na correspondente



acta de departamento os resultados acadados en cada grupo, e as dificultades atopadas para levala a cabo.

- Ao finalizar o curso escolar, entregaráselle unha enquisa aos alumnos para comprobar o grao de satisfacción co servizo de comedor.

Os resultados quedarán reflectidos na memoria final do proxecto.

A directora certifica que este **PROXECTO DE COMEDOR** do CPI de ATIOS-VALDOVIÑO foi presentado ao Claustro do Profesorado e **aprobado polo Consello Escolar** na súa reunión **do 25 de outubro de 2023**

Visto e prace

A directora

Valdoviño a 25 de outubro de 2023

O Secretario



Asdo.: Tania Mª Ruanova Suárez

Asdo.: Antonio Cebreiro Melero